

DISCURSO DE CESÁREO SÁNCHEZ, PRESIDENTE DA AELG

Sra. Alcaldesa de do Concello de Lugo, Dona Lara Méndez,
Sr. Tenente de alcalde, D. Rubén Arroxo,
Sra. Vicepresidenta da Deputación Provincial de Lugo, Dona Maite Ferreiro,
Sr. Alcalde do concello de Burela, D. Alfredo Llano,
Amigas e amigos,

Celebramos hoxe esta Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria do ano 2020, na súa V edición, que entregamos na cidade de Lugo, capital galega da Literatura de Tradición Oral, grazas á Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, da mao dos escritores Antonio Reigosa e máis Lois Pérez, e grazas ao apoio do Concello de Lugo e da Deputación Provincial de Lugo, institucións que hoxe están aquí tan dignamente representadas, e que fixeron posíbel esta actividade xa desde o seu inicio.

Neste acto de recoñecemento ás Mestras e Mestre da Memoria, que a UNESCO considera necesarias/os en toda cultura que se respecte e valore a si propia, as escritoras e os escritores galegos que nos acolleamos nesta asociación e que cumpre o seu corenta aniversario, sabemos que a tradición oral fai que poidamos camiñar sobre algunhas certezas, poucas, e que, desde a dignidade e a liberdade, poidamos como seres humanos ollar dentro da alma nosa coa que habitamos esta terra e a súa cultura.

Recoñecemos a cultura que ten como pedra basilar a nosa tradición oral e que chega até nós viva, avantando os muros do confinamento que este tempo de sublimación da velocidade da comunicación crea, fronte á calidade e o contido da comunicación que trae consigo a oralidade, e tamén o canto na tradición oral, e de todo o que é en si unha fonte de coñecemento elaborado no lume manso dos séculos nunha terra que habitamos socialmente ao longo do tempo das máis diversas formas.

A tradición oral ábrenos á nosa complexidade, nas múltiples capas que foron sedimentando na nosa identidade colectiva o permanece de nós, o que fomos gardando chanzo a chanzo no anónimo devalar do tempo a través deste idioma que nos constitúe, e que na súa transmisión estará a salvo, pois sabemos que mentres teñamos literatura oral, e nela o canto que a alumea, o noso idioma seguirá a ser algo vivo e actuante, ao tempo que a nosa literatura terá as raíces chantadas no centro do ser desta terra.

Día de celebración por termos a fortuna de ter un grupo de mulleres cantoras Batuko Tabanka, Mestras da Memoria do canto, e un Mestre da Memoria, Emilio Españadero, polo seu facer na música galega na interpretación e na comunicación.

A AELG recoñece nelas e nel seren portadores da sabedoría, pois somos os galegos e galegas crisol de culturas, lugar de chegada por termos a tradición de acoller aos/ás camiñantes, tantas veces contra a propia vontade.

As mulleres de Batuko Tabanka, Mestras da Memoria, de palabra viva, ergueita no traballo e na reivindicación máis antiga da dignidade, tráennos o canto que vén do fondo das idades e que habita con nós un mesmo abrazo do mar. Tráennos este canto en man común, este diálogo entre culturas que se fan unha, nas gallas do mesmo idioma, que integra entre a cultura galega e a caboverdiana. Confésolles que adoro o canto colectivo das mulleres no traballo na reivindicación colectiva. Creo que ao longo da historia foi unha forma de sororidade e de empoderamento, cando estas palabras aínda non as nomeaban. E permítanme que cite á escritora africana Assia Djebar, que nos fala do contar e cantar das mulleres das montañas da súa infancia, analizado desde unha perspectiva de xénero. Vénnos dicir que coa narración de historias, formadas por unha gran diversidade de voces, poñen en cuestión a versións únicas da historia. Ao recompor os fragmentos das identidades individuais perdidas e esquecidas pola historia, forxan unha identidade colectiva, centrándose no aspecto comunitario, en lugar de no privado da memoria. Fálanos da natureza específica dos recordos desde a perspectiva de xénero, na idea de que a memoria constrúe a identidade, e até que punto a memoria das mulleres pode axudar á configuración dunha identidade colectiva como herdanza para toda a humanidade.

Creo que isto encaixa totalmente coa nosa tradición oral na Galiza e coa tradición oral e do canto das admirábeis mulleres de Batuko Tabanka, pois co seu cantar constrúen a súa identidade, e tamén a nosa.

Temos ao mestre da memoria, Emilio España, que ao longo da súa fértil actividade musical como intérprete e dinamizador da música, axudando ao desenvolvemento das músicas de raíz tradicional, principalmente as propias da Galiza, mais sempre atento ás propostas chegadas doutros lugares da Lusofonía ou dos fisterras da Europa atlántica, e non só.

En especial o seu *Lume na Palleira*, programa que xa ten máis de trinta anos, e que inclúe músicas ao vivo, entrevistas, presentacións de música gravada, ou dá noticia da axenda musical na Galiza ou o contacto directo cos/coas oíntes.

E isto faino desde un programa de radio que sempre foi a grande aliada da cultura e mantivo vivo ao longo dos anos a palabra, o canto, a música, sobre todo da cultura oral.

Se se me permite, eu son da xeración da radio, a televisión foi algo que chegou cando o meu imaxinario xa estaba construído. A radio que nos informa e que nos acompaña e non impide escoitarmos moitas veces a propia voz interior, pois hai un consenso xeral arredor de que a través da radio é máis difícil utilizarnos como mercadoría, de facer a expropiación da nosa propia vontade de decidir.

A radio foi un verdadeiro elemento democratizador da cultura ao longo de todo o século XX e XXI, axudando á transformación das mentalidades de todas as sociedades, tamén a galega, sendo moitas veces capaz de relativizar o peso da imaxe ao desenvolver a nosa imaxinación e a nosa capacidade crítica. É por isto que o son sen imaxe, o que nos trae a música, o canto, a conversa pausada, seguirá sendo indispensábel nas nosas vidas, ao tempo que nos axuda no exercicio do dereito de interpretar por nós mesmos os acontecementos do mundo, tamén os da nosa propia sociedade.

Permítame Emilio Españañero, Mestre da Memoria 2020, pedir longa vida á Radio Galega e *Lume na Palleira*.

Parabéns a Batuko Tabanka, parabéns a Emilio Españañero.

*Cesáreo Sánchez Iglesias,
Presidente da AELG,
Lugo, 23 de outubro de 2020*